



INSTRUCCIÓN RELATIVA AO PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA A RECLAMACIÓN E REVISIÓN DE CUALIFICACIÓNS DA MATERIA TRABALLO DE FIN DE GRAO

Ante ás dúbidas e preguntas formuladas dende diversos centros sobre o modo de proceder no caso de reclamacións presentadas por estudantes contra a cualificación obtida na materia Traballo de Fin de Grao, tralas pertinentes consultas feitas á Asesoría Xurídica, cómpre aclarar o seguinte:

- O Traballo de Fin de Grao constitúe unha materia do último ano das titulacións de grao, co código e os créditos correspondentes e, como tal, figura recollido nas memorias de verificación dos títulos. Daquela, o alumnado debe ter dereito á revisión e reclamación da súa cualificación, do mesmo xeito que calquera outra materia da titulación.
- O Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do/da Estudiante Universitario establece no seu artigo 30 unhas condicións mínimas nas que debe desenvolverse o acto da "Revisión ante o profesorado ou ante o tribunal". Estas condicións inclúen:
 - Acceso ao propio exercicio nas datas seguintes á publicación das cualificacións, "*recibindo do profesorado que os/as cualificou ou da persoa coordinadora da materia as oportunas explicacións orais sobre a cualificación recibida*".
 - "*O estudiantado avaliado polo tribunal terá dereito á revisión dos seus exercicios ante este.*"
 - A revisión, "*levarase a cabo nos prazos e mediante os procedementos que se regulen na normativa autonómica e das propias universidades*", e será "*persoal e individualizada*".
- O mesmo Real Decreto no seu artigo 31 refírese especificamente ao dereito á reclamación por parte do alumnado nos seguintes termos:

Artigo 31. Reclamación ante o órgano competente.

Contra a decisión do/a profesor/a ou do tribunal caberá reclamación motivada dirixida ao órgano competente. Por proposta do devandito órgano, nomearase unha comisión de reclamacións, da que non poderá formar parte o profesorado que interviñese no proceso de avaliación anterior, que resolverá nos prazos e procedementos que regulen as universidades.
- A normativa da Universidade de Vigo establece o procedemento para a revisión das cualificacións no artigo 18 do Regulamento de Estudantes.

Así mesmo, para ordenar o procedemento de reclamación e garantir os dereitos do estudantado que sexa avaliado do Traballo de Fin de Grao, esta Vicerreitoría dita a seguinte

INSTRUCCIÓN:

O procedemento para a revisión e reclamación de cualificacións do Traballo de Fin de Grao, conforme ao establecido no artigo 18 do Regulamento de Estudantes, será o seguinte:

- Trala revisión da cualificación ante o tribunal correspondente e a publicación das cualificacións finais, o/a estudante que estivese desconforme coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días naturais a partir da publicación das cualificacións, solicitar a revisión das probas a través do centro.
- O centro, nun prazo de tres semanas dende a súa recepción, analizará a solicitude polo órgano ou comisión específica con competencias recoñecidas sobre a organización docente do Traballo de Fin de Grao, quen no caso de desestimar a solicitude deberá motivar a súa decisión ou, de consideralo conveniente a maioría simple dos membros do órgano, designará un novo tribunal avaliador con composición similar ao da avaliación obxecto de reclamación.
- En ningún caso formará parte do dito tribunal o profesorado cuxa cualificación fose cuestionada quen, de ser o caso, deberá absterse de votar na sesión do órgano no que se analice a solicitude de revisión.
- O tribunal informará da súa resolución, que será motivada no caso de ser desfavorable, ao/á decano/a ou director/a quen lla notificará por escrito á persoa interesada, a quen se lle indicará que no prazo de quince días pode recorrer de alzada perante o/a reitor/a.
- O/a reitor/a, se o considera oportuno pasaralle o expediente ao Tribunal de Garantías ou resolverá.
- No caso de resolución negativa o/a estudante pode dirixirse directamente ao Tribunal de Garantías nun prazo de trinta días.
- O Tribunal de Garantías recollerá toda a información que precise dos implicados e se o estima oportuno promoverá a convocatoria dun tribunal cualificador doutra universidade.

O Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade



Ignacio Barcia Rodríguez

XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTRO
COORDINADORES/AS DE GRAO